

# Como liberar aves enganchadas en anzóis




## 1 Subir a ave a bordo



Parar ou minorar a velocidade da embarcación e subir a ave cun trueiro, evitar tirar da liña.


## Material necesario



## 2 Manipular a ave con precaución


### Ave pequena

Agarrar a ave coas dúas mans, recollendo as ás e apertando lixeiramente.



### Ave mediana

Cunha man, agarrar a parte alta do pescozo con firmeza pero sen apertar; e coa outra recoller as puntas das ás, coa e patas.




### Ave grande


Envolver cunha toalla recollendo as ás. Coller o pescozo por detrás.

Para facilitar a retirada do anzol, introducir a ave nunha bolsa de tela ou envólvela nunha toalla, mantendo as ás pechadas e a cabeza fora.


## 3 Quitar o anzol



Cortar a punta cun alicate. Se non é posible, cortar o outro extremo.



Quitar o anzol coa man ou empregando alicate.



Se tragou o anzol, non intentar quitalo; cortar a liña o máis preto posible do peteiro.


Informa da captura na app **BYCATCH** o [seo@seo.org](mailto:seo@seo.org)



**BYCATCH**

Se presenta un anel ou outro tipo de marca, **comunicanos a súa inscrición!**

## 4 Liberar a ave



Se se atopa en mal estado, mantelo nunha caixa ventilada ou bidón nun lugar tranquilo do barco, ata que se mostre alerta ou erguida.



Liberar a ave ao nivel da auga ou dende un costado da embarcación a sotavento.

Se non se recupera, chama ao

**112**

Ilustrador: Raul Deamo